





## Celebración do Arduino Day 2015 en Lugo

*O sábado 28 de Marzo, no Centro Uxío Novoneyra, realizarase unha exposición de iniciativas relacionadas con Arduino, plataforma de hardware libre para a creación de proxectos interactivos.*

*A segunda edición deste evento, que se levará a cabo durante todo o día, estará aberta a tódolos públicos. Lugo únese desta maneira ás celebracións globais do Arduino Day que terán lugar en máis de 250 cidades de todo o mundo.*



A asociación makers.lugo, uníndose ás celebracións globais do Arduino Day 2015 organiza un evento aberto e para tódolos públicos, para conmemorar a creación da plataforma de hardware libre Arduino.

A exposición terá lugar no Centro Uxío Novoneyra, Quiroga Ballesteros, 1 - Lugo durante o sábado 28 de Marzo e contará coa presenza de iniciativas de todo Galicia. Ó longo de todo o día, os visitantes poderán coñecer unha ampla variedade de proxectos, dende impresoras 3D ata control enerxético do fogar, pasando por robótica educativa, árbores de nadal ou invernadoiros controlados por Arduino.

O evento realizarase de 10:00 a 13:30 e 16:30 a 19:30, con presentacións de proxectos tanto pola mañá (de 11:30 a 12:30) como pola tarde (de 17:30 a 18:30).

## **Máis información**

### **Sobre o evento**

- <http://makerslugo.org/evento/arduino-day-2015/>
- Contacto para máis información: Andrés Maneiro, co-fundador da asociación makers.lugo e membro do comité de organización do Arduino Day na cidade.
  - email: [andres.maneiro@gmail.com](mailto:andres.maneiro@gmail.com)
  - Tfno: 650 137 288

### **Sobre a asociación makers.lugo**

- <http://makerslugo.org/>

**makers.lugo** é unha asociación sen ánimo de lucro, creada en Xaneiro de 2014, que forma parte do movemento *maker*. Ten como obxectivo contribuir na construción dunha sociedade baseada nos principios do libre acceso á tecnoloxía, impulsando actividades relativas a Hardware e Software Libre.

Cóñécese como movemento *maker* á cultura de “Fágao vostede mesmo”, do inglés “Do It Yourself” (DIY). *Maker* é un termo acuñado por Dale Dougherty, fundador en 2005 da revista “Make:”, que lle dá nome ó que se levaba facendo dende anos antes nos *hackerspaces* e *fab labs*: milleiros de artistas, enxeñeiros, programadores, autodidactas e afeccionados de todo o mundo compartindo ideas e proxectos, creando unha nova cultura baseada na colaboración e libre acceso á tecnoloxía.

O *movemento maker* non é máis que un novo avatar dunha característica profundamente humana: construír cousas coas nosas propias mans, en comunidade.

### **Sobre Arduino**

- Web do proxecto <http://arduino.cc/>
- Web das celebracións globais <http://day.arduino.cc/>

Arduino é unha plataforma de hardware libre, baseada nunha placa cun microcontrolador e un entorno de desenvolvemento, deseñada para facilitar a creación de proxectos interactivos, que integren elementos electrónicos.

Hai máis de 10 anos no Instituto de Deseño Interactivo da cidade italiana de Ivrea, Arduino foi creado como ferramenta para que os estudantes puidesen ter acceso a plataformas de creación interactivas de baixo custo. Na última década, estendeu o seu obxectivo orixinal convertíndose nun dinamizador da industria global de electrónica e do movemento *maker*.